


PACIFISMO



FEMINISMO VERSUS PACIFISMO



O Feminismo é o camiño cara o Amor, en toda a súa grandeza e non en iso indigno en que o ten convertido o machismo ó longo de séculos. O Amor como sinala Anne Tristan é o menos facil do mundo, é algo a construir. Desde o Feminismo coidamos que ser Muller é non explotar a ninguén e non se deixar explotar por ninguén.

O só acto de ama-la vida, volve ilexitima toda guerra. ¿Quén organiza as guerras? ¿quén combate en elas? ¿non é o militarismo un terreo ben abonado para nos conducir á guerra? E mesmo en tempos de "paz" ¿non é o militarismo unha denigrante exaltación do mais salvaxe machismo, da virilidade mal entendida? ¿qué é un home, un verdadeiro home? Isto cuestionabase Alain Finkielkraut (F. Magazine 1.978). Sinalaba "é un monxe que fixo voto de masculinidade, un corpo insensible e pechado que renunciou ó mundo. Efectivamente para ingresar nas ordes viriles é preciso face-lo vacío dentro de si: mata-lo neno en proveito do adulto, preferi-la menguada satisfacción do Poder á pluralidade dos placeres, endurecerse e prohibirse todo exceso, toda tolemia, toda femineidade".

Realmente os homes estiveron e están moito mais ocupados en face-la guerra que en pensar no Amor e de feito, a sua concepción do Amor parecese moito a da guerra.

Nosoutras as mulleres para quen a Vida é Amor, e que imos cos ollos ben abertos e tentando poñer imaxinación en este mundo morto, non queremos la guerra, non estamos polo militarismo. Loitamos contra eles. Pero, esa loita ¿cabe no Pacifismo? Rotundamente sí, xa que a Paz é o medio no que se fai posible a realización humana. En si mesma é un valor que resume outros valores tales coma a Amistade, a Xusticia, a Liberdade, a Solidariedade. A Paz ha conducirnos cara unha armonía total. Ten que se-la nosa aspiración permanente e ilimitada. Non ser violentas, non oustante, non quere dicir pasivas.


Resultame sospeitoso o predicamento que desde o Poder se fai do carácter "pacífico" das mulleres. ¿Poden ser pacíficas os 4 millóns de españolas sen traballo asalariado? ou ¿podrian se-lo as 3 mil mortas por abortos clandestinos, as condenadas a 6 anos de cadea por facelo? e ¿as 500 mulleres asasinadas nos últimos cinco anos polo seu home, pai ou amante? e ¿as violadas? e ¿as aboas, as nais dos desaparecidos/as da Arxentina? e ¿Winnie Mandela? —defensora dos dereitos elementais dos negros/as de Sudáfrica— e as mulleres anónimas de Nicaragua, Guatemala, O Salvador, Palestina...? ¿Qué é a Paz en unha dictadura coma a chilena? ou en unha "democracia" coma a española onde 500 mil prostitutas sufren toda clase de vexacions. E sospeitoso que sen nosoutras pedí-lo, sen ter feito campañas, mobilizacións, nos ofrecan o noso ingreso no Exército, iso si, sen molestar, nin interferir, coma enfermeiras ou secretarias. As mulleres seríamos o obxeto decorativo que necesitan para cambiar a súa faciana, para humanizarse. ¡Negámonos! Xa está ben de que a nosa situación pase sempre polos roles que desde o Poder se nos quixo fazer desempeñar. Non nos gusta "o militarismo" que ten o papel fundamental de mante-la estructura mundial coas situacións de dominación e opresión dos Pobos de acordo ós intereses das potencias imperialistas. Pola contra si nos gostaría que eses dous billóns de pesetas que o goberno español vai gastar en armamento no período 1.983-1.990 se invertira en educación, sanidade, vivendas, fogares para mulleres/filhas/as maltratados, vellos abandonados, garderías, en... mil cousas que farian mais "vivible" este mundo, que mellorarian a calidade da nosa existencia. Pero os tempos non son fáceis. Desde os medios de comunicación, a nivel social reforzanse valores coma a pasividade e a sumisión, e a nivel persoal querrenos facer individualistas e insolidarias/os. Nosoutras que estivemos e seguiremos a estar en moitas "guerras" para acadar a nosa dignidade de persoas, imos loitar pola Paz e contra a permanencia na OTAN que é a ameaza mais inmediata.

A denuncia pública de toda inxusticia, a desobediencia civil, serán as nosas aliadas na defensa non violenta. Con elas negaremos ó opresor toda lexitimidade.

Coma fixeron As Preciosas no XVII e séculos despois moitas/os en Maio do ano 1.968, berremos agora: "Sexamos realistas, esixamo-lo imposible". Todo dependerá da nosa intensidade. Do noso desejo. Do noso Amor. Da nosa Curiosidade.

Teresa Navaza

PUB
Aurora Royal
Rúa Ciega, 4.
A CORUÑA.



DENDE O FEMINISMO

"Desde el feminismo"
N.º 0 - Revista Teórica. Publicación trimestral.
Edita: ATALANTA, Asociación de Actividades e Publicaciones feministas. Madrid, 1986.

Mireina con curiosidade, e aprendizaje ao mesmo tempo. A lectura das primeiras páxinas xeneroume un certo sentimento de incapacidade, había significados e conceptos que fuxian das palabras que supostamente os definian, e non os atopaba.

Gostabame o seu obxectivo: chegar a ser unha plataforma de elaboración e discusión, de debate teórico do feminismo a partires da ideoloxía feminista como instrumento de análise para o conocemento e transformación da realidade, aberta a todas as tendencias que existen hoxe no M.F.: así que, decidida, volvíñ releer isas páxinas coa tranquilidade e decateime de que o problema non era eu senón a linguaxe fixeiramente enrevésada utilizada por Celia Amorós para explicarnos a sua reflexión sobre da crise de fundamentación do feminismo socialista, que por outra parte, pareeume moi interesante.

O artigo adicado a Simone de Beauvoir acérquenos á polémica xurdida no M.F. co seu, xa clásico "El segundo sexo", no que ela fixo unha análise da opresión da muller dende o punto de vista da filosofía existencialista.

E a polémica sigue presente no artigo de Raquel Osborne sobre do "discurso da diferencia" e as suas implicacións na análise feminista. Oliva Blanco aborda tamen o tema feminismo da diferencia —feminismo da igualdade— dende unha perspectiva orixinal, identificando as duas posiciones con mulleres destacadas en outras épocas e tan distintas, como foron Teresa de Avila e sor Juana Inés de la Cruz.

A entrevista con Magda Catalá, psicóloga e autora do libro "Reflexións dentro un corpo de muller" rompe un pouco a estructura da revista, na que predomina o ensaio, introducindo un elemento de

frescor necesario, xunto coa Hemeroteca, que pretenda rescatar textos de precursoras do movemento.

A sección de libros, precedida dun toque mitolóxico cerra iste n.º cero de "Desde el feminismo", que en conxunto, e logo do desconcerto inicial deixoume a impresión de que o proxecto abrenos a posibilidade que moitas de nós sentiamos valeiro; a adicación dun tempo á profundización no coñecemento e reflexión individual e colectiva sobre da nosa realidade coma mulleres dentro desta sociedade supón un reforzo e reafirmación do noso traballo cotián.

Só me queda desexarlle sorte e longa vida a esta nova revista trimestral que quere acompañarnos na andadura (andaina?) feminista.

CR/S

FESTA DA PALABRA SILENCIADA

N.º 3. Xaneiro 1.986
Especial Francisca Herrera Garrido

Magnífico este terceiro número coordinado por María Xosé Queizán, maquetado por Margarita Ledo, con ilustracións de Berta Cáccamo e Aurichu Pereira e cunha longa nómina de colaboradores.

Camino Noia e M. Ríos Panisse afondan na vida e na obra de Francisca Herrera, a autora da primeira novela escrita en galego por unha muller (1920). Coñecida polos seus amigos como "La letrada", comenzou a súa actividade literaria cumpridos os corenta anos. En 1945 foi elexida membro da Real Academia Galega por razons ainda pouco claras morreu sen tomar posesión.

María Xosé Queizán mantén dúas interesantísimas conversas. Unha con D. Ricardo Carballo Calero quen fai unha detallada comparanza entre Rosalía de Castro e Francisca Herrera; e a outra con Vicent Marqués sobre o sexo. Perante a observación de María Xosé de que estamos a vivir unha volta ao tradicional, ao fogar, a ter fillos, o sexólogo valenciano dí: "O embarazo funciona como a Legión, á desesperada. E como un modo a liberdade, un querer atarse. É unha tendencia suicida.



Isabel Mouriz fai un só estudio arredor das narradoras galegas e Carmen Blanco sobre Amantia a novela histórica de María Xosé Queizán da que Carmen dí que é a unión íntima de Galicia e a muller.

Hai recordos para a cea de Padrón e o recital de Compostela, con Rosalía coma protagonista. Ofrecesnos neste número tres unha extensa selección poética —qué interesante o grupo de mulleres novas na poesía de Galicia!— de Enna Luaces, Ana Romaní, Xela Arias, Cristal, Charo Pita, Rita Más, Rita María Ibáñez, Marise Alvarez, Ana Antonio, María Xosé Canitrot e Helena Villar Janeiro.

Salientamos tamén os dous traballos de Carys Evans e Marita Otero e unha biografía da primeira médica galega, Olimpia Valencia, membro-fundador, da Academia Médico Quirúrxica de Vigo.

Enhoraboa ás autoras deste terceiro número de "Festa da palabra silenciada" pola súa axuda en mostrarnos parcelas inéditas da nosa cultura e das nosas vidas. Emociona o seu labor serio, constante e suixerente.

TERESA NAVAZA